


O PROXECTO

Universidade sen Fronteiras (UNISF) é o resultado dunha colaboración entre a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER) e as universidades públicas de Galicia e do Norte de Portugal.

O seu obxectivo é implantar catro ciclos de estudo innovadores, cooperativos e creativos, cunha clara compoñente transfronteiriza e multidisciplinar, que doten ao alumnado de competencias transversais.

O proxecto UNISF é co-financiado nun 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 (1.492.221,46€ do orzamento total aprobado de 1.989.628,60€).



Universidade do Minho (coordenador do proxecto)

☎ (+351) 253 601 100 • (+351) 253 601 109

✉ unisf@universidadesemfronteiras.eu

www.universidadesemfronteiras.eu



Interreg
España - Portugal



UNIÓN EUROPEA
UNIÃO EUROPEIA



UNISF
UNIVERSIDADE SEM FRONTEIRAS

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional



MESTRADO EN DESAFÍOS DAS CIDADES

(UDC, USC, UVigo, UMinho, U.Porto & UTAD)

Grao: Mestrado

Area de coñecemento: Enxeñaría e Arquitectura

Duración: 3 semestres/ 90 ECTS

Prazas 2022/23: 36

Tipo de ensino: Semi-presencial (*b-learning*)

Presentación

O Mestrado Universitario en Desafíos das Cidades ten como obxectivo analizar os desafíos e respostas para os dominios que sustentan unha cidade sostible, considerando 6 Dimensións ou Áreas Científicas: a Dimensión Física; a Dimensión Social e Educativa; a Dimensión Ambiental; a Dimensión Tecnolóxica; a Dimensión de Gobernanza; a Dimensión Económica.

A docencia (en portugués, galego, castelán ou inglés) correrá a cargo de dous profesores, un dunha das tres universidades de Galicia, e outro dunha das tres universidades do norte de Portugal. O traballo en equipo docente permite ofrecer visións complementarias e holísticas, considerando a natureza, a identidade e a idiosincrasia dos dous países, Portugal e España.

O mestrado de 90 ECTS desenvólvese ao longo de 3 semestres, con 30 ECTS cada un. O primeiro semestre inclúe 6 unidades lectivas de 5 créditos ECTS, todas obrigatorias. No segundo semestre, o alumnado disporá de 2 materias de carácter obrigatorio (Prácticas e Metodoloxía da Investigación) e 4 materias a escoller entre unha oferta de 12 materias, relacionada cunha determinada dimensión ou área científica. O terceiro semestre está destinado á elaboración da Tese.

Criteria de admisión

- a) No caso das universidades galegas, a admisión ao mestrado está regulado polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenanza das ensinanzas universitarias oficiais, que ata o seu peche foi modificado por diversos reais decretos.
- b) En concreto, a modificación do RD 861/2010, artigo 17, establece que o estudantado poderá ser admitido nun Máster de acordo cos requisitos específicos e criterios de valoración de méritos que, se é o caso, sexan propios do Máster Universitario ou establecidos por cada Facultade/Universidade.
- c) O artigo 16 do RD 1393/2007 establece que para acceder aos mestrados oficiais será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou doutro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) que o autorice no país expedidor do título de acceso aos mestrados.
- d) Así mesmo, poderán acceder a eles sen necesidade de homologación dos seus títulos as persoas con titulacións de sistemas educativos alleos ao EEES, previa comprobación pola universidade que acreditan un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois que autorizar no país expedidor do título para o acceso ás ensinanzas de posgrao. O acceso por esta vía non suporá, en ningún caso, a homologación do título anterior de que a persoa interesada estea en posesión, nin o seu recoñecemento para outros efectos distintos do de cursar o mestrado.

Coordinación e contactos

Luís Bragança (Universidade do Minho)
tel: (+351) 253 510 200
e-mail: braganca@civil.uminho.pt
web: www.civil.uminho.pt

Cándido Jaime López González (Universidade de A Coruña)
tel: (+34) 981 130 909
e-mail: candido.lopez@udc.es
web: <https://mccl.es/>